

FEBREIRO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Febreiro 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIROS	5.820.814	2,3%	174.404	-2,9%
NOITES	16.511.496	1,0%	312.998	0,6%
ESTADÍA MEDIA	2,84	-1,3%	1,79	3,7%
% OCUPACIÓN	50,66%	0,68	22,81%	0,80
% OCUPACIÓN Fds	57,55%	0,52	29,17%	0,32

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de febreiro Galicia rexistrou un leve incremento da demanda hoteleira –medida en pernoctacións- como consecuencia dunha mellora da estadía media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados cae un 2,9% en relación ao pasado ano 2017. O volume de noites sobe, en particular, un 0,6% ata situarse en 313 mil no conxunto da comunidade.
- Esta leve suba contrasta co descenso rexistrado no pasado ano, do 2,0%. Desde unha perspectiva máis ampla obsérvase que o comportamento da demanda no mes de febreiro é bastante irregular desde 2014, con estabilidade ese ano, leve suba en 2015 –do 1,6%- , forte incremento en 2016 –do 14,3%- , caída en 2017 –do 2,0%- para conseguir manterse agora en 2018. Tradicionalmente o mes de febreiro viña rexistrando un comportamento negativo co inicio da crise, con caídas consecutivas no período 2009-14 que agora se matizan mais sen marcar unha pauta estable.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é algo diferente. Neste caso a caída deste ano contrasta cos incrementos que se viñan rexistrando de forma consecutiva desde 2014, con subas do 6,8% en febreiro dese ano, do 4,6% en 2015, do 12,4% en 2016 e do 3,7% en 2017. Rómperse esa tendencia agora en 2018 co descenso do 2,9% citado anteriormente.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de máis de 5 mil viaxeiros aloxados mais en paralelo xéranse dúas mil novas pernoctacións en relación a febreiro de 2017. Tal circunstancia vén motivada por unha mellora da estadía media –menor volume de viaxeiros fican de media máis tempo nos establecementos hoteleiros da comunidade-.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un incremento tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,3%- coma do volume de noites –do 1,0% neste caso-.
- Este leve incremento vén como consecuencia de promediar comportamentos dispares a nivel das diferentes comunidades autónomas. Dunha banda, son dez os destinos nos que se incrementa o nivel de demanda en relación a febreiro do pasado ano destacando en intensidade as subas rexistradas en Baleares –do 10,0%- e Estremadura –do 9,3% neste caso-. A mosan tamén dinámicas positivas Aragón e Murcia –cun crecemento por encima do 5% interanual-. Son destinos localizados en puntos diferentes do Estado e con modelos turísticos moi dispares co cal non se pode atopar unha pauta de comportamento xeneralizada.

- Neste grupo de comportamento positivo sitúase Galicia como o destino cun incremento máis suave. Mellora en calquera caso a dinámica rexistrada en sete comunidades, dúas das cales se manteñen en niveis semellantes aos do pasado ano –Asturias e País Vasco- e cinco amosan, en cambio, descensos de diversa intensidade. Neste grupo é Castela e León o destino de peor comportamento a nivel estatal coa caída do 9,0% no volume de noites hoteleiras.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante no sentido de que son tamén Baleares e Estremadura as comunidades de mellor comportamento relativo. Neste caso son tamén cinco os destinos nos que descende a cifra de viaxeiros aloxados, entre os que se atopa Galicia.
- Canarias –con preto de 5,4 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de febreiro –absorbendo o 32,5% do total estatal-. Tal circunstancia xa acontecera no último trimestre do pasado ano e no mes de xaneiro deste 2018 e responde dalgunha maneira ao panorama global do mercado hoteleiro en temporada baixa –período no que Canarias lidera o ranking a nivel estatal-.
- Seguen en orde de importancia neste mes Andalucía –con preto de 2,6 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con case 2,3 millóns de pernoctacións-, Madrid –con máis de 1,7 millóns- e a C. Valenciana –con máis de 1,5 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 82% do total da demanda hoteleira de España. O 18% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a décima posición representando o 1,9% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un descenso do 4,7% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado por unha caída da cifra de viaxeiros aloxados, do 3,6% neste caso. Este descenso contrasta coa suba rexistrada no pasado ano e sitúa o nivel de demanda interna en 120 mil noites –supón en termos absolutos a perda de máis de cinco mil noites hoteleiras en relación a febreiro do pasado ano-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento negativo pero máis suave, pouco perceptible -en esencia pode falarse de estabilidade-. Nun sentido estrito a cifra de noites do turismo receptor nacional cae un 0,6% nun contexto no que a cifra de viaxeiros españois descende un 5,0%. Unha leve mellora da estadía media amortigua a caída anterior.
- Desde unha perspectiva máis global obsérvase un comportamento irregular deste mercado nos últimos anos, alternando incrementos e caídas de diversa intensidade desde febreiro de 2014. Esta dinámica coloca o nivel final en 133 mil noites no segmento hoteleiro.
- O turismo internacional mantén a senda positiva dos últimos meses e presenta, en cambio, un incremento da demanda en relación ao pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 4,0% e o volume de pernoctacións un 16,8%, contribuíndo desta maneira a contrarrestar o mal comportamento do mercado nacional –sobre todo o interno- e colocar o nivel final de pernoctacións un 0,6% por encima do valor do pasado ano.
- O incremento deste ano engádese aos rexistrados nos tres anteriores –do 7,5% en 2015, do 5,2% en 2016 e do 13,8% en 2016- acumulando, por tanto, catro anos consecutivos de comportamento positivo neste mes de febreiro. Esta dinámica coloca o nivel de demanda internacional en 60 mil noites neste segundo mes do ano, a cifra máis elevada desde o 2008. En termos de viaxeiros

aloxados o segmento internacional acada tamén niveis importantes con preto de 30 mil neste segundo mes de 2018.

- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 19,2% do total da demanda hoteleira, cifra baixa como corresponde a un mes de temporada baixa pero que sen embargo é a máis elevada da serie histórica. Isto é, o mercado internacional nunca representara tanto no mes de febreiro.
- O segmento de maior peso é o nacional e sobre todo aquel que procede do conxunto do Estado –o turismo receptor nacional representa o 42,5% do total das noites hoteleiras-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento levemente homoxéneo da demanda hoteleira, con incrementos en tres das catro provincias galegas –do 2,8% en A Coruña, do 8,4% en Lugo e do 7,4% en Ourense-. En Pontevedra, en cambio, rexístrase unha caída do 7,4%, consecuencia dun descenso da cifra de viaxeiros aloxados do 5,9% neste caso.
- Con 145 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 46% do total-.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia mellora neste mes de febreiro –un 3,7%- situándose en 1,79 noites de media. Este incremento contrasta coa caída rexistrada no pasado ano –do 5,6% naquel caso- e mantén a senda irregular que se viña rexistrando nos últimos anos. A pesar da mellora a estadía media de febreiro deste 2018 é a segunda máis baixa da serie histórica.
- A nivel estatal a estadía media hoteleira en Galicia sitúase nunha posición intermedia no ranking das comunidades autónomas sendo Canarias, con diferenza, o destino que rexistra a cifra máis elevada con 7,1 noites neste mes de febreiro. O dato máis baixo queda, en cambio, en Castela e León –con 1,6 noites-.
- O leve incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 2,8%-, circunstancia que permite mellorar os niveis de ocupación do sector –en particular, sobe en 0,8 puntos porcentuais para situarse no 22,8% de media-. Neste caso son cinco anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación hoteleira en Galicia no mes de febreiro –con subas modestas-, circunstancia que coloca o dato deste ano no máis elevado desde o 2009.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 77,6% en febreiro. Seguen Madrid –cun 56,8%- e a C. Valenciana –cun 50,7% neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 50,7%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación mellora en nove comunidades autónomas sendo Extremadura e a C. Valenciana os destinos nos que sobe con maior intensidade –en máis de tres puntos porcentuais-. A ocupación mantense estable en Asturias e cae en sete destinos con diversa intensidade –Castela e León é tamén neste caso o destino de peor comportamento relativo, cunha perda de 2,4 puntos porcentuais en relación ao pasado ano-.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste segundo mes do ano –un 3,0% en particular- situándose en 50,8 euros de media –a cifra máis baixa do conxunto do Estado-. Tal circunstancia xa se repetira no mes de xaneiro.
- Canarias é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de febreiro con 104,6 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Cataluña –

con 102,9 euros- e Madrid –con 85,8 euros neste caso-. Son tres as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 83,1 euros de media.

- Os prezos hoteleiros soben en parte das comunidades autónomas destacando en intensidade a C. Valenciana –cun incremento do 8,1%-. Tres son as comunidades nas que se manteñen estables e tres nas que, pola contra, descenden en relación ao pasado ano –son Asturias, Extremadura e Murcia-.
- O leve incremento das cifras de demanda e dos niveis de ocupación neste mes de febreiro, nun contexto no que soben as tarifas, permite que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2017 –o RevPAR sobe un 7,1% ata situarse en 14,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 90,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de febreiro. Sitúase por diante das restantes comunidades entre as que destaca Madrid –con 61,9 euros neste caso-.
- En termos dinámicos é novamente a C. Valenciana o destino onde se rexistra un incremento máis intenso do RevPAR hoteleiro, superando nun 16,6% o valor do pasado ano –grazas á mellora dos niveis de demanda e ocupación acompañada dunha suba das tarifas hoteleiras-.

1º BIMESTRE 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Acum. Febreiro 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIROS	10.952.991	2,6%	335.221	-0,9%
NOITES	31.909.573	1,1%	611.205	2,9%
ESTADÍA MEDIA	2,91	-1,4%	1,82	3,9%
% OCUPACIÓN	48,36%	0,67	21,92%	1,31

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- Nos primeiros dous meses deste ano 2018 Galicia rexistra un incremento dos niveis de demanda hoteleira en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, sobe o volume de noites un 2,9% -situando a cifra final en pouco máis de 611 mil- como consecuencia basicamente dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae un 0,9% -para quedar en 335 mil-.
- É o cuarto ano consecutivo no que se observa unha mellora dos niveis de demanda no primeiro bimestre do ano. Logo das caídas consecutivas rexistradas no período 2009-14, que levaron a perder máis de 270 mil noites no conxunto da comunidade, o volume de pernoctacións sobe en 2015 –un 1,2%- como precedente dos incrementos posteriores –do 11,5% en 2016, do 1,8% en 2017 e do 2,9% agora en 2018-. Esta dinámica positiva permite recuperar parte da demanda perdida nos anos anteriores e colocar o nivel final en pouco máis de 611 mil noites –a cifra máis elevada desde o 2010-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é algo diferente. Neste caso a caída deste ano contrasta cos incrementos que se viñan rexistrando nos tres anteriores, con subas do 7,2% no primeiro bimestre de 2015, do 11,7% en 2016 e do 5,0% en 2017. Rómpeuse esa tendencia agora en 2018 co descenso do 0,9% citado anteriormente.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de máis de tres mil viaxeiros aloxados pero en paralelo xéranse máis de 17 mil novas pernoctacións en relación aos dous primeiros meses de 2017. Tal circunstancia vén motivada por unha mellora da estadía media –menor volume de viaxeiros fican de media máis tempo nos establecementos hoteleiros da comunidade-.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un incremento tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,6%- coma do volume de noites –do 1,1% neste caso-.
- Doce son as comunidades que presentan un comportamento positivo neste dous primeiros meses do ano, sendo Aragón o destino cun incremento de maior intensidade –supera nun 9,5% as cifras do mesmo período de 2017-. Estremadura e Baleares amosan tamén unha dinámica moi positiva con subas por encima do 7% interanual. Galicia sitúase neste grupo nunha posición intermedia a nivel global.

- No lado contrario son cinco os destinos que amosan caídas da demanda neste período de dous meses –Cantabria, Canarias, Castela e León, Asturias e A Ríoxa-. Esta última é a que presenta o descenso máis acusado, do 4,5% neste caso.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking difire levemente sendo Baleares o destino que neste caso amosa o incremento máis notorio e de maior intensidade.
- Canarias –con máis de 11,1 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste período de dous meses –absorbendo o 34,8% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Andalucía –con preto de 4,7 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con case 4,4 millóns de pernoctacións-, Madrid –con preto de 3,5 millóns- e a C. Valenciana –con máis de 2,8 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 83% do total da demanda hoteleira de España. O 17% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste período a décima posición representando o 1,9% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade. En conxunto descende o turismo interno e sobe o receptor tanto nacional coma internacional.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un descenso do 3,4% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado por unha caída da cifra de viaxeiros aloxados, do 3,2% neste caso. Este descenso contrasta coa suba rexistrada nos dous anos anteriores –do 1% en 2016 e do 7% en 2017- e coloca o nivel final en máis de 233 mil noites –cifra obviamente inferior á do pasado ano máis superior á dos catro anteriores-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento positivo superando nun 4,9% o nivel de demanda do pasado ano grazas á mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois cae apenas un 0,6%.
- O incremento do primeiro bimestre deste ano contrasta coa caída rexistrada en 2017 –do 6,4%- e consolida, en esencia, un comportamento irregular deste segmento de mercado no conxunto dos dous primeiros meses do ano. Non se aprecia neste sentido unha pauta clara do turismo receptor nacional no inicio de ano.
- O turismo internacional mantén a senda positiva dos últimos meses e presenta un incremento da demanda en relación ao pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 4,4% e o volume de pernoctacións un 13,1%, contribuíndo desta maneira a mellorar as cifras globais do sector. É o cuarto ano consecutivo no que se observa un crecemento do turismo internacional en Galicia no primeiro bimestre do ano, con cubas acumuladas do 9,7% en 2015, do 6,3% en 2016, do 14,5% en 2017 e do 13,1% agora en 2018. Esta dinámica coloca o nivel de demanda internacional en preto de 115 mil noites no inicio de ano, a cifra máis elevada desde o 2008. En termos de viaxeiros aloxados o segmento internacional acada tamén niveis importantes con 56 mil neste período.
- O 43,1% da demanda hoteleira corresponde ao turismo receptor nacional, segmento de maior peso neste inicio de ano. O mercado interno representa o 38,2% mentres que o internacional supón o 18,7% do total –cifra que supón máximo histórico na comunidade neste primeiro bimestre-.

- A nivel territorial obsérvase un comportamento levemente homoxéneo da demanda hoteleira, con incrementos en tres das catro provincias galegas –do 4,1% en A Coruña, do 7,4% en Lugo e do 3,1% en Ourense-. En Pontevedra, en cambio, mantéñense estables os niveis do pasado ano.
- Con preto de 277 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 45% do total-.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 1,82 noites, cifra que supera nun 3,9% o dato do mesmo período do pasado ano. Contrasta este incremento coas caídas rexistradas de forma consecutiva no catro anos anteriores que levaron á perda de case dúas décimas na cifra final. Coa suba deste ano a estadía media sitúase por encima dos valores rexistrados nos tres últimos anos.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 3,3%-, circunstancia que permite mellorar os niveis de ocupación do sector –en particular, sobe en 1,3 puntos porcentuais para situarse no 21,9% de media-. Neste caso son seis anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación hoteleira en Galicia nos dous primeiros meses do ano –con subas de 2013 a 2015 e algo máis notables nos tres posteriores-, circunstancia que coloca o dato deste ano no máis elevado desde o 2008.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste período a segunda cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –só por diante de Asturias-. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 76,6%. Seguen Madrid –cun 54,4%- e a C. Valenciana –cun 47,1% neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 48,4%.